

**CURSO UNIVERSITARIO  
E INTERNACIONAL DE**

**“MÚSICA EN COMPOSTELA”  
LXI EDICIÓN**



**¡FANDANGO!**

**Recital de Clave a cargo de  
D. YAGO MAHÚGO CARLES**

**Capela Real  
Hostal dos Reis Católicos - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
6 de Agosto do 2018 ás 20:30 horas**

**Acceso libre e gratuito ata completar aforo**

## YAGO MAHÚGO CARLES



Elixido por Rubén Amón, crítico do xornal El Mundo, como «artista español del año 2013» e intérprete dunha das mellores gravacións do ano 2013 segundo o rotativo El País, Yago Mahúgo nace en Madrid. Estuda piano con Ana Guijarro e, cando obtén o título superior, prosegue os seus estudos de posgrao co profesor Tibor Szász na Universidade de Friburgo (Alemaña). Alí entra en contacto co mundo da música interpretada con

instrumentos orixinais e convértese en discípulo do profesor Robert Hill, baixo a tutela do cal obtén a licenciatura de profesor de instrumentos históricos de teclado (clave, fortepiano e órgano) e as licenciaturas de formación artística (posgraduado) nas materias de clave e fortepiano. Desde 2016, Mahúgo ten un doutoramento cum laude en Artes pola Universidade Rey Juan Carlos de Madrid con premio extraordinario de doutoramento.

Completou a súa formación con outros mestres do prestixio de Christophe Rousset, Kenneth Gilber ou Malcolm Bilson. Entre os seus galardóns destacan os do 35º Concurso Internacional de Clave de Budapest (Hungría) e do 13º Concurso de Clave de Bruxas (Bélxica), considerado o certame máis importante de música antiga.

As súas actuacións repártense polas máis prestixiosas salas de Europa e América, incluíndo o Carnegie Hall de Nova York (EE.UU). É invitado regularmente polas orquestras profesionais para facer continuo. Tocou como solista en diversos escenarios como o Palacio de Festivais de Santander, o Auditorio Nacional de Madrid –destacando as súas interpretacións do Concerto para Clave e 5 Instrumentos de Manuel de Falla–, a Fundación Juan March e o Real Coliseo Carlos III de El Escorial. O virtuoso madrileño interveu regularmente en diversos festivais, entre eles, a Expo 98 de Lisboa, o Festival Bach-Fest de Leipzig, o Festival Internacional de Música y Danza de Granada, o Festival Internacional de Santander e a Quincena Musical Donostiarra, entre outros.

Gravou para as televisións e radios estatais de España, Hungría e República Checa. Ata o de agora, todos os seus discos de clave (Obras completas de Royer, Pièces de clavecin en concert (J. P. Rameau), Marchand/Clerambault, Armand Louis Couperin) foron galardoados como “Disco excepcional do mes” pola prestixiosa revista Scherzo e foron premiados tamén por outras moitas revistas especializadas. Recentemente Mahúgo pechou un contrato con Brilliant Classics para gravar tres discos de música francesa do século XVIII.

Mahúgo concédelle unha grande importancia á música contemporánea e do século XX. Gravou obras de Bartók. Actuou activamente no Grupo Proyecto Gerhard e é dedicatario das obras que varios compositores escribiron para el.

É fundador e director do conxunto historicista Impetus, formación coa que gravou tres CD –Ímpetus live! In Madrid, Pièces de Clavecin en Concerts de Jean-Philippe Rameau e Geistliche Oden und Lieder mit Melodien de C. P. E. Bach. Estes dous últimos foron acollidos con enorme entusiasmo pola crítica nacional e internacional e galardoados polas revistas Ritmo, Melómano e Scherzo. O disco de Rameau foi incluso proposto para os premios ICMA 2015 (International Classical Music Awards) na categoría de Música Barroca Instrumental e elixido disco do ano 2014 pola revista Melómano. Recentemente foi invitado pola Universidade de Cambridge e pola Historical Keyboard Society of North America a dar un recital dentro do seu congreso anual. Ademais da súa actividade como concertista en España e o estranxeiro, o músico madrileño foi profesor das materias de clave e interpretación histórica e imparte regularmente conferencias en diversas institucións, como a Universidade Federal de Rio de Janeiro ou a Universidade de Michigan. Na actualidade é catedrático de Música e Artes Escénicas e desenvolve o seu labor docente no conservatorio Teresa Berganza de Madrid e como clavecinista na Escola Superior Reina Sofía en Madrid.

---

---



---

---

## PROGRAMA

### ¡FANDANGO!

#### I PARTE

<b>Fandango</b>	<b>D. Scarlatti (1685-1767)</b>
<b>Sonata en Si b M</b>	<b>J. Herrando (1700-1765)</b>
<b>Fandango</b>	<b>L. Boccherini (1743-1805)</b> <b>(arr. Mahúgo)</b>

#### II PARTE

<b>Grave de 8º Tono</b> <b>Sonata en sol</b>	<b>José de Nebra (1702-1768)</b>
<b>Sonata en sol dórico</b> <b>Sonata en sol menor</b>	<b>Sebastián de Albero (1722-1756)</b>
<b>Fandango</b>	<b>A. Soler (1729-1783)</b> <b>(arr. Mahúgo)</b>



# CONSORCIO DE SANTIAGO



HAZEN MÚSICA, S.A.  
HIJOS DE CARLOS ROMERO DE LECEA  
FAMILIA RUÍZ-MORALES MICHELS  
COTAREDO S.L.



C.U.I. “MÚSICA EN COMPOSTELA”  
Avda. das Ciencias, chalet nº 2  
Campus Universitario Sur  
15706 Santiago de Compostela  
secretaria@musicaencompostela.es  
www.musicaencompostela.es